

Contratación

BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO COMPROMISO DE CALIDADE MES DO COCIDO DE LALÍN DURANTE A LIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN. (Expte: 4975/2019).

1.- OBXECTO.

O obxecto destas bases é definir características do mecenazgo cultural de cara ó desenvolvemento do Compromiso de Calidade Mes do Cocido de Lalín durante a LIIª edición da Feira do Cocido de Lalín.

Con esta finalidade o Concello de Lalín, pretende acadar a colaboración empresarial nunha actividade de interese xeral como é a Feira do Cocido de Lalín, un evento que contribúe a dinamizar os sectores produtivos do Concello de Lalín. Deste xeito, a cambio da axuda económica ou subvención ofertada polos colaboradores, o Concello de Lalín, comprométese a difundir a presenza destes en relación co Compromiso de Calidade Mes do Cocido de Lalín durante a LIIª Edición da Feira do Cocido de Lalín na forma que se indica nestas bases.

Para estes efectos subscribíranse os correspondentes convenios de colaboración ou mecenazgo coas empresas colaboradoras que realicen as mellores ofertas de subvención, en relación coas súas modalidades contidas nestas bases.

A Feira do Cocido foi declarada, no ano 1999, “Festa de Interese Turístico de Galicia” e no ano 2010, “Festa de Interese Turístico Nacional”. Este recoñecemento pon de manifesto a extraordinaria difusión da que goza este evento na actualidade.

A través da celebración de convenios de colaboración público-privada preténdese obter unha optimización e mellora dos recursos dispoñibles para a realización deste evento. Trátase de fomentar a expansión dos recursos de financiamento da cultura, con novas fórmulas de colaboración, tendo en conta que este evento constitúe un factor determinante para o desenvolvemento económico e social do Concello de Lalín e supón un campo propicio para a colaboración privada.

Trátase de favorecer a colaboración particular na consecución de fins de interese xeral, en atención e recoñecemento á cada vez maior presenza do sector privado na tarefa de protexer e promover actuacións caracterizadas pola ausencia de ánimo de lucro e cuxa finalidade é de carácter xeral e pública.

O Mes do Cocido de Lalín ten lugar entre os días 15 de xaneiro e 14 de febreiro. Con esta actuación preténdense acadar e manter uns estándares mínimos de calidade no desenvolvemento do Mes do Cocido de Lalín propiciando o compromiso e participación das empresas que teñan intereses comerciais vencellados coa Feira do Cocido de Lalín (restaurantes, carnicerías, fábricas de embutidos, queixo, mel, doces,

pan, licores, etc).

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRESENCIA DAS EMPRESAS COLABORADORAS.

Tal e como se indicou na cláusula anterior, o Concello de Lalín, a cambio dunha axuda económica ou subvención ofertada polos colaboradores, para levar a cabo o desenvolvemento do Mes do Cocido de Lalín, comprométese a difundir a presenza como entidade colaboradora dos mesmos, en todos os eventos que organice o Concello de Lalín durante o Mes do Cocido (entre o 15 de xaneiro e o 14 de febreiro de 2020) e que garden relación co mesmo.

Deste xeito, o Concello de Lalín comprométese a difundir a participación e colaboración das empresas seleccionadas mediante a difusión da súa presenza nos seguintes soportes:

Cartelería:

- Programa de man desplegable da Feira do Cocido.
- Dípticos Mes do cocido.

Así mesmo, o Concello outorgaralle un distintivo como entidade colaboradora co compromiso de Calidade Mes do Cocido de Lalín a todos os empresarios que colaboren no mesmo.

Establécense un máximo de 100 espazos destinados aos colaboradores, que se inserirán nos soportes enriba indicados, a través dunha relación nominal das entidades colaboradoras.

A subvención mínima será de 100 euros podéndose ofertar unha subvención maior, sempre a partir dos 100 euros.

No caso de que non se cubran todos os espazos, os sobrantes redistribuiranse entre os colaboradores existentes.

Así mesmo, o Concello resérvase o dereito de incluír nos soportes antes citados a presenza daqueles colaboradores institucionais (entes, organismos ou administracións públicas) cos cales o Concello teña levado a cabo acordos ou convenios na materia.

3.- PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DOS COLABORADORES.

As empresas colaboradoras seleccionaranse a través dun proceso aberto, no cal todo empresario interesado poderá presentar unha proposta de colaboración.

4.- PUBLICIDADE, PRAZOS E MODO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS DE COLABORACIÓN.



As propostas deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, Praza de Galicia núm. 1, Lalín (Pontevedra), **no prazo de dez (10) días naturais** a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil de Contratación do Concello de Lalín. Se o último día do prazo fose inhábil trasladarase ao seguinte día hábil.

Todos os documentos presentados deberán ser orixinais, ou copias debidamente autenticadas ante notario ou compulsadas por funcionario.

Toda a documentación será presentada e redactada nalgún dos idiomas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución xurada polos servizos competentes ou por notario público que dará fe da tradución.

Cada empresario non poderá presentar máis dunha proposta. (A infracción desta norma dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas).

As ofertas deberán axustarse ao previsto nestas Bases e a súa presentación suporá a aceptación polo empresario, sen condicións, do contido da totalidade de todas as cláusulas destas bases, sen salvidade ou reserva ningunha.

5.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA A PRESENTAR POLOS INTERESADOS.

Os interesados presentarán **toda a documentación nun sobre** pechado coa inscrición contida no Anexo III.

No interior do sobre incluírase a seguinte documentación:

1º Declaración responsable con arranxo ao Modelo contido no Anexo I.

2º Modelo de proposta de colaboración, con arranxo ao modelo contido no Anexo II.

6.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS COLABORADORES.

Establécese un único criterio de selección de colaboradores: a mellor subvención ofertada.

Establécese unha subvención mínima de 100 €. Os interesados poderán ofertar unha subvención maior, sempre a partir dos 100 €.

Deste xeito, seleccionaranse as cen ofertas que oferten a subvención de maior importe, colocándose de maior a menor comezando pola de maior importe económico e así sucesivamente.

No caso de se superen as cen ofertas, quedarán excluídas as que queden situadas na

orde a partir do número 101.

Así mesmo establecerase unha reserva na que se incluírán as solicitudes que queden situadas a partir do número 101 para o suposto de que non chegara a formalizarse o convenio con algunha das seleccionadas inicialmente.

No suposto de que se produza un empate seleccionárase a oferta presentada en primeiro lugar no Rexistro de Entrada.

En todo caso, o Concello resérvase o dereito de admisión respecto daqueles colaboradores cuxo obxecto social ou finalidade comercial non sexa acorde coa promoción do evento.

7. PROCEDEMENTO.

Unha vez finalizado o prazo de presentación da documentación administrativa, a Comisión de Valoración examinará a documentación aportada. Se observase defectos ou omisións subsanables na documentación, comunicarllo vía fax ou a través do correo electrónico, ao interesado, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante do Concello de Lalín, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os solicitantes os corrixan ou emenden ante a Comisión de Valoración.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación, redactarase a listaxe dos colaboradores seleccionados por orde decrecente, excluíndose aqueles interesados que non presenten a documentación completa ou incumplan calquera das bases.

8.- COMISIÓN DE VALORACIÓN.

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Sr. Alcalde (SUPLENTE: Primeira Tenente de Alcalde)

Vogais:

- O Secretario Xeral. (SUPLENTE: funcionario de Secretaría).
- O Interventor. (SUPLENTE: funcionario de Intervención)
- O Técnico de Turismo. (SUPLENTE: O Técnico de Cultura)
- Funcionario da Policía Local. (SUPLENTE: O Arquitecto Técnico Municipal).

Secretaria: a Técnica de Contratación.(SUPLENTE: a Administrativa do Departamento de Contratación).

9.- SELECCIÓN DOS COLABORADORES.

A Comisión de Valoración elevaralle á Xunta de Goberno Local a listaxe definitiva de colaboradores admitidos e excluídos para a súa aprobación. Unha vez aprobada, publicitarase no perfil do Contratante e no Taboleiro de Edictos do Concello e notificaraselle aos colaboradores seleccionados para que procedan a asinar o correspondente convenio de colaboración.

10.- OBRIGAS DOS COLABORADORES.

Os colaboradores asumirán as seguintes obrigas en virtude do convenio de colaboración:


- Asinar o convenio nos prazos previstos nestas bases.
- Aboar o importe da subvención no prazo previstos nestas bases.
- Darlle consentimento ao Concello para o uso da súa presenza promocional nos actos e documentos vencellados ao Mes do Cocido.
- Responder ás peticións do Concello relativas ao envío de información solicitada con axilidade.
- Manter as instalacións dos seus negocios en bo estado de limpeza e mantemento, ofrecendo unha atención e servizo profesional.
- Os establecementos de hostalería deberán ofrecer a posibilidade de realizar reservas durante o período do Mes do Cocido e non poderán realizar quendas de comidas.
- O Cocido elaborarse seguindo a receita oficial do Cocido de Lalín, os produtos serán de primeira calidade, a carne de porco estará curada e afumada, as sobremesas serán tradicionais galegas (filloas, orellas, ou queixo con marmelo, entre outros).
- O prezo total do cocido (IVE engadido e viño de mesa incluído) fixado polo establecemento publicaráse nos dípticos promocionais anuais do Mes do Cocido. O prezo deberán permanecer estable durante o Mes do Cocido. Recoméndase que se agasalle a cada comensal cun pin oficial do Cocido.
- Os negocios que se adiquen á venda doutros produtos vencellados co cocido deberán cumprir escrupulosamente a normativa vixente en materia de consumo e sanidade.

11.- SINATURA DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN.

Os colaboradores asinarán o correspondente convenio administrativo de colaboración para a difusión publicitaria da LIIª edición da Feira do Cocido de Lalín no prazo máximo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación da súa condición de colaborador co Compromiso de Calidade Mes do Cocido de Lalín durante a LIIª edición da Feira do Cocido de Lalín.

12.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

Os colaboradores aboaran o importe da subvención no **prazo máximo de 15 días hábiles** a contar desde o seguinte ao da sinatura do convenio administrativo. O



Lalín Muncípio

Contratación



Concello de Lalín

pagamento realizarase na Tesourería municipal mediante transferencia bancaria no número de conta: ES3520805429673110119045 debendo incluír o nome ou razón social do colaborador e o concepto: "Compromiso de Calidade Mes do Cocido de Lalín 2019".

O Alcalde
José Crespo Iglesias

Revisado e Conforme.
A Técnica de Administración Xeral -
Contratación

(Documento asinado electronicamente á marxe)



ANEXO I – DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Nome da empresa ou nome comercial:	DNI	Tfno:
Representante:	DNI	Tfno:
Domicilio a efectos de notificacións:		
Correo electrónico:		
Presentación da empresa: (presentación, descrición do obxecto social, ámbito territorial, etc)		
No suposto de tratarse dun restaurante: Prezo do cocido (IVE incluído e viño da mesa engadido)	€	Aforo:.....comensais

D./Dñae DNI
núm....., en nome propio ou en representación da
empresacon CIF núm.....
manifesta a súa vontade de participar nas BASES PARA **COLABORACIÓN
EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO COMPROMISO DE CALIDADE
MES DO COCIDO DE LALÍN DURANTE A LIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE
LALÍN** e manifesta coñecer e acepta o seu contido.

Así mesmo, declara que son certos todos os datos e documentos presentados no expediente de referencia e que a empresa á que representa, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos pola normativa e que non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 60.1 do TRLCSP e que especialmente se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais de seguridade social que impoñen as disposicións vixentes e declara non ter causado baixa no IAE durante o presente exercicio económico e que dispón da documentación que así o acredita e se compromete a presentala no suposto de que lle sexa requirida.

Lalín.....de..... de 201..

(sinatura)

ANEXO III. MODELO DE PROPOSTA DE COLABORACIÓN.


D.....con domicilio en rúa.....núm.....con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) núm.....actuando en nome propio (ou en representación de..... DNI ou CIF núm.....e con domicilio en toma parte nas **“BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO COMPROMISO DE CALIDADE MES DO COCIDO DE LALÍN DURANTE A LIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN”** e declara:

1º.- Que ofrece a seguinte subvención :€.

2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven das bases que rexen este expediente e acompaña a documentación esixida nas mesmas e se compromete a presentar toda a que lle sexa requirida.

.....de.....de 20...

(Asinado e rubricado)



Lalín Mero

Contratación



Concello de Lalín

ANEXO II. MODELO DE SOBRE

**DOCUMENTACIÓN PARA PARTICIPAR NAS BASES PARA CONCERTAR
CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO
DO COMPROMISO DE CALIDADE MES DO COCIDO DE LALÍN DURANTE A LIIª
EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN.**

Expediente: 4975/2019.

Presentado por:.....

Teléfono:.....

Fax:.....


Enderezo electrónico.

.....de.....20...

(Lugar, data e sinatura)

9/

Cod. Validación: 3CLWMD6RMG5CCW96VXD8HMZN | Corrección: <http://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10



Lalín Muro

Contratación



Concello de Lalín

ANEXO III. MODELO DE PROPOSTA DE COLABORACIÓN.

D.....con domicilio en rúa.....núm.....con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) núm.....actuando en nome propio (ou en representación de..... DNI ou CIF núm.....e con domicilio en toma parte nas **“BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO COMPROMISO DE CALIDADE MES DO COCIDO DE LALÍN DURANTE A 1ª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN”** e declara:

1º.- Que ofrece a seguinte subvención :€.

2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven das bases que rexen este expediente e acompaña a documentación esixida nas mesmas e se compromete a presentar toda a que lle sexa requirida.

.....de.....de 20...

(Asinado e rubricado)

10/

Cod. Validación: 3CLWMD6RMG5CCW96VXD8HMZN | Corrección: <http://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10